

ADMISIÓN DE ALUMNOS

CURSO 2012/2013

a) A **normativa** que regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, é a Orde do 17 de marzo de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (D.O.G nº 55 do 19 de marzo de 2007). **Está exposta no taboeiro de anuncios.**

b) Oferta de postos escolares para o curso 2012/2013

CURSO	Prazas Ofertadas	Prazas Reservadas	Prazas Vacantes
1º ESO	90	71	19
2º ESO	90	83	7
3º ESO	90	64	26
4º ESO	90	57	33
1º BACH	132	55	77
2º BACH	132	85	47

c) Area de influencia do Instituto.

- Para a E.S.O. o casco urbano de A Estrada.
- Para Bacharelato, preferente o Concello de A Estrada e despois os limítrofes.

d) Centro adscrito.

- Está adscrito ao noso Centro o C.E.I.P. "Pérez Viondi".

e) Prazo de presentación de solicitudes de admisión.

- Para a E.S.O. e Bacharelato **do 1 de marzo ao 10 de abril.**

f) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados.

- Do 11 ao 20 de abril.

g) Servizos complementarios que ofrece o Centro.

- Transporte escolar para os alumnos da ESO que viven a mais de 2 km do Instituto e dentro do casco urbano da Estrada. (Da rúa Castelaos números impares para abaixo)

h) Calendario de publicación de listaxes de admitidos e prazos de reclamación.

- Publicación de listados provisionais antes do 30 de abril.
- Publicación de listados definitivos de admitidos antes do 11 de maio.

i) Prazo de formalización da matrícula ordinaria.

- Para a ESO e BACHARELATO do 25 de xuño ao 10 de xullo.

O Centro publicará un calendario de matrícula propio a efectos de organización.

k) NOTA INFORMATIVA.

Cada solicitante presentará **unha única solicitude de admisión** dirixida á dirección do centro que se solicita en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata 6 centros, por orde de preferencia, que serán considerados posteriormente, no caso de que o/a interesado/a non se admita no centro ao que vai dirixida a solicitude.

Será ineficaz a solicitude presentada se se comproba a falsidade ou uso fraudulento da documentación achegada polo/a interesado/a.

A DIRECCIÓN